



Departamento de Matemáticas

CURSO 2024-2025

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN ESO

O aprobado tanto dunha avaliación, coma do curso, establécese, como mínimo, nun 5.

As aproximacións faranse utilizando o seguinte criterio

{[Parte decimal $\geq 0,75$] \rightarrow aproximarase por exceso ao seguinte enteiro }

Para calculala media de cada avaliación non é necesario unha cualificación mínima nos exames. Para calculala nota final da materia non é necesario unha unha cualificación mínima nas avaliacións. Para calculala nota final de curso utilizarase a nota non aproximada de cada avaliación.

Os traballos non se recollerán fóra de prazo. A data de recollida de traballos será fixada con tempo suficiente.

Por avaliación faranse, como mínimo, dous exames. Os pesos dos exames

1º – 2º ESO	
1ª av	
Ex 1	30%
Ex 2	30%
Ex 3	40%
2ª av - 3ª av	
Ex 1	40%
Ex 2	60%
3º – 4º ESO	
Ex 1	40%
Ex 2	60%

En tódolos niveis educativos, en cada exame entrará materia do traballado anteriormente. Esta é a razón pola que o peso de cada exame aumenta ao longo da avaliación.

Recuperacións.

Haberá recuperación de cada avaliación por trimestres. Este exame de recuperación (Recup1) abarcará os criterios de avaliación de todo o trimestre e valorarase sobre 10 puntos. Terá que facelo, de maneira obrigatoria, aquel alumnado cuxa cualificación da avaliación (NotaAv) sexa inferior a 5. A este exame tamén poderá presentarse, de maneira voluntaria, o alumnado que, tendo aprobada a avaliación, queira mellorar a súa cualificación.

Cálculo da cualificación da avaliación despois de facelo exame de recuperación (NotaAvRecup).

O cálculo da nota final da avaliación despois de facelo exame de recuperación calcularase da seguinte maneira

$$\text{NotaAvRecup} = \text{MAX} (\text{NotaAv}, \text{cualificación do exame de recuperación (Recup1)})$$

Cálculo da cualificación final provisional de curso, (NotaFin).

Media aritmética das cualificacións finais das avaliacións.

Para este cálculo, no caso do alumnado que faga a recuperación, utilizarase a NotaAvRecup. Noutro caso, coa cualificación non aproximada da avaliación.

Se esta cualificación é ≥ 5 , o alumnado terá a materia superada.

O alumnado cuxa NotaFin sexa < 5 terá que facer o exame final da materia. Este exame de recuperación (RecupFINAL) abarcará os criterios de avaliación de todo o curso e valorarase sobre 10 puntos. Terá que facelo, de maneira obrigatoria, aquel alumnado cuxa cualificación final (NotaFin) sexa inferior a 5. A este exame tamén poderá presentarse, de maneira voluntaria, o alumnado que, tendo aprobada a materia, queira mellorar a súa cualificación.

Cálculo da cualificación final da materia despois de facelo exame final de recuperación (NotaFinRecup).

$$\text{NotaFinRecup} = \text{MAX} (\text{NotaFin}, \text{nota do exame de recuperación (RecupFINAL)})$$

Se esta cualificación é ≥ 5 , o alumnado terá a materia superada.

Se é < 5 , ao alumnado quedaralle a materia non superada e terá que recuperala no curso seguinte, se é o caso.